



6. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Participación na clase	15%
Traballo na casa	15%
Probas escritas	70%
Total	100%

Ao final do curso:

PORCENTAXE NA NOTA FINAL	
1. ^a avaliación	33,33%
2. ^a avaliación	33,33%
3. ^a avaliación	33,34%
Total	100%

Temporalización das probas escritas:

Como regra xeral, realizarase unha proba escrita cada dúas unidades didácticas.

Cualificación das probas:

Cada proba estará valorada sobre 10 puntos, calculando a media ponderada (segundo o número de unidades que avalíen) de todas as que se fagan na avaliación.

O conxunto das probas escritas conta un 70% sobre a nota final da avaliación.

Cálculo da media en cada avaliación:



Para calcular a cualificación media de cada avaliación teranse en conta tanto os resultados obtidos nos exames como o traballo da aula e na casa, así como os traballos desenvolvidos a través da aula virtual, de acordo coas seguintes porcentaxes:

- 70% probas escritas, que conterán cuestións tipo test, preguntas curtas e cuestións de desenvolvemento ou casos prácticos.
- 15% traballo e participación na aula, coa atención, expresión de ideas, dúbidas e reflexións respecto das explicacións, opinións, así como a interacción co grupo.
- 15% traballo na que incluírá a valoración do traballo no caderno de clase e as tarefas que deban completarse na casa.

Redondeo:

Dado que a nota no boletín de cualificacións debe ser un número enteiro, procederase a redondear ao enteiro inferior se o primeiro decimal está comprendido entre 0 e 4, e redondearase ao enteiro superior se o primeiro decimal é 5 ou máis.

- No caso de que un alumno/a non realice as probas escritas fixadas **poderá ser avaliado negativamente**, sen prexuízo de realizar posteriormente as tarefas de reforzo ou recuperación marcadas no proxecto didáctico do departamento. Cando un alumno/a non alcance a nota de 5 nalgunha avaliación parcial terá a posibilidade de superar a materia nun exame de recuperación.
- No caso de que na realización dun exame algún alumno **copie ou utilice calquera medio de información ou comunicación non permitido**, o exame en cuestión será cualificado cun 0 (cero) e deberá repetilo para acreditar os coñecementos requiridos no mesmo no momento que determine a profesora.
- Para a **promoción na cualificación final** da materia, deberá acreditarse o dominio dos mínimos da materia establecidos na programación da mesma. Se un alumno/a é avaliado/a negativamente nalgunha avaliación, deberá realizar as tarefas de recuperación que acrediten a asimilación deses mínimos.

Cálculo da cualificación final:

Será a media aritmética das cualificacións obtidas nas avaliacións parciais. Neste caso utilizaranse as notas parciais obtidas nas avaliacións parciais, sen redondeos e utilizando os dous primeiros decimais.

Para o caso de que **algún/a alumno/a non asista á realización das probas escritas fixadas** e anunciadas ao longo de cada período de avaliación, **a profesora determinará a procedencia ou improcedencia da repetición da proba** escrita para outra data distinta da fixada, atendendo ás causas alegadas para xustificar a ausencia inicial.